

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 28 de agosto de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.*

Mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (DOG nº 215, do 5 de novembro de 2008).

As ditas bases foron modificadas mediante Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG nº 19, do 28 de xaneiro), ampliada a súa dotación orzamentaria mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 29, do 11 de febreiro), modificadas mediante Resolución do 20 de marzo de 2009 (DOG nº 61, do 30 de marzo) e tamén modificadas mediante Resolución do 16 de xuño de 2009 (DOG nº 123, do 25 de xuño).

Considerando:

-Que a práctica habitual de compartir riscos por parte das entidades financeiras e as SGR en determinadas operacións aconsella adecuar o tipo adicional máximo establecido para o tipo de xuro segundo a porcentaxe do aval da SGR.

-Que dentro do marco dunha mellora continua e observación permanente das actividades máis sensíbles aos cambios no escenario financeiro, enténdese necesaria a incorporación das actividades ligadas ás axencias de viaxes, así como adaptar a relación ao

CNAE 2009 e regular algúns aspectos operativos para unha maior axilidade na xestión.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas,

### RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras das liñas de apoio ao acceso e adecuación do financiamento das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, feitas públicas mediante Resolución do 4 de novembro de 2008 (DOG nº 215, do 5 de novembro), no seguinte sentido:

1. Modificar a redacción do artigo 6.1, que queda redactado do seguinte xeito:

«6.1. O tipo de xuro nominal anual para as operacións de préstamo acollidas a estas bases e o seu sistema de variación establécense do seguinte modo:

a) Tipo de referencia: será euribor a prazo de 6 meses. As revisións faranse por períodos semestrais.

b) Tipo adicional: será o que libremente pacten as partes sen que en ningún caso poida exceder os seguintes puntos:

-1,50 puntos cando a operación estea avalada ao 100% por unha SGR.

-1,75 puntos cando a operación estea avalada por un importe inferior ao 100% e superior ao 50%.

-2 puntos cando a operación estea avalada por importe inferior ou igual ao 50%.

c) O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirle ao tipo de referencia o tipo adicional que pacten as partes».

2. Modificar a redacción do artigo 7.1, que queda redactado do seguinte xeito:

«7.1. A aquelas operacións consideradas subvencionables polo Igape, concederánselles os seguintes beneficios:

-Subsidiación ao tipo de tipo adicional pactado de acordo co artigo 6.1º b).

-Subvención do 100% da comisión do aval financeiro prestado pola SGR.

-Subvención do 50% da comisión de estudo da SGR e apertura da entidade financeira».

3. Modificar a redacción do artigo 9.9, que queda redactado do seguinte xeito:

«9.9. Traslado de solicitudes ás entidades financeiras e ás SGR.

O Igape remitirá o cuestionario da solicitude á entidade financeira e, de ser o caso, á sociedade de garantía recíproca designadas polo solicitante. Así mesmo, con esta mesma data, o Igape comunicará ao solicitante a dita circunstancia e informarlle da documentación que deberá presentar na entidade

financeira para a súa análise. No caso das operacións solicitadas con aval dunha SGR, a entidade financeira deberá remitir a dita documentación á SGR indicada na solicitude.

As operacións subsidiadas poderán formalizarse, desde a data de remisión do Igape á entidade financeira do expediente, sen que a dita remisión supoña recoñecemento do dereito do solicitante a percibir finalmente a axuda».

4. Modificar a redacción do artigo 14.1, que queda redactado do seguinte xeito:

«14.1. Os beneficiarios destas axudas deberán solicitar o cobramento da subvención concedida nas prazos seguintes:

-No caso de pólizas de préstamo, no prazo de dous meses desde a data da súa formalización ou da notificación da resolución de concesión, no caso de que esta fose posterior.

-No caso de pólizas de crédito, no prazo de dous meses computados desde o vencemento do primeiro ano de vixencia».

Segundo.-Modificar a relación de actividades do anexo I a que se fai referencia no artigo 3.1 das bases reguladoras destas axudas, que se substitúe pola relación que se xunta a esta resolución.

Terceiro.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

### ANEXO I

#### Actividades incentivables (CNAE 2009)

Axudas do Igape ao acceso e adecuación do financiamento das pemes

CNAE 2009	Actividade	
Agricultura		
01	Agricultura, ganadería, caza e actividades dos servizos relacionados con elas	
02	Silvicultura e explotación forestal	Agás 02.20
Pesca e acuicultura		
03	Pesca e acuicultura	
Industria extractiva		
07	Extracción de minerais metálicos	Agás 07.21
08	Outras industrias extractivas	Agás 08.92
Industria manufacturera		
10	Industria da alimentación	
11	Fabricación de bebidas	
13	Industria téxtil	
14	Confección de prendas de vestir	
15	Industria do coiro e do calzado	
16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles, cestería e espartaría	
17	Industria do papel	
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
19	Coquerías e refinación do petróleo	Agás 19.20
20	Industria química	
21	Fabricación de produtos farmacéuticos	
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	

CNAE 2009	Actividade	
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	
24	Metalurxia; fabricación de produtos e ferro, aceiro e ferroalixes	Agás 24.46
25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	
28	Fabricación de maquinaria e equipamento. Non contidos noutras partes	
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semiremolques	
30	Fabricación doutro material de transporte	
31	Fabricación de mobles	
32	Outras industrias manufacturieras	
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado	
35.30	Fornecemento de vapor e aire acondicionado Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	
38.31	Separación de clasificación de materiais	
38.32	Valorización de materiais xa clasificados	
Construción		
41	Construción de edificios	
42	Enxeñaría civil	
43	Actividades de construción especializada Comercio por xunto e a retallo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	
47	Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas Transporte e almacenamento	
49	Transporte terrestre e por canal	
50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	Agás 52.23, 52.24 e 52.29
Hostalaría		
55	Servizos de aloxamento	
56	Servizos de comidas e bebidas Información e comunicacións	
58	Edición	
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical	Agás 59.14
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	
62	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	
63	Servizos de información	Agás 63.91
Actividades inmobiliarias		
68	Actividades inmobiliarias Actividades profesionais, científicas e técnicas	
69	Actividades xurídicas e de contabilidade	
70	Actividades das sedes centrais, actividades de consultoría de xestión empresarial	
71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicas	
72	Investigación e desenvolvemento	
73	Publicidade e estudos de mercado	
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas Actividades administrativas e servizos auxiliares	
77	Actividades de aluguer	
78	Actividades relacionadas co emprego	
79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	
80	Actividades de seguranza e investigación	
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	
82	Actividades administrativas de oficinas e outras actividades auxiliares ás empresas	
Outros servizos		
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	

Nota: tendo en conta a complexidade na conversión ao CNAE 2009, no caso de dúbidas respecto dalgunha actividade, prevalecerá a relación anterior, con base na CNAE 93.